

Santiago Prol, autor da biografía de Benigno Álvarez 'Fixen un libro de lembranza, non de vinganza'

Antonio Cerdán (TEXTO E FOTO)

O historiador e investigador ourensán Santiago Prol vén de publicar unha biografía sobre o político Benigno Álvarez, primeiro responsábel do Partido Comunista en Galicia na II República. Publicado por Edicións A Nosa Terra, dentro da colección "O Fardel da Memoria", *Benigno Álvarez, un comunista na Galiza dos anos trinta* trata de recuperar unha historia en boa medida esquecida.

Qué o levou a investigar esta figura?


En 1977 apareceron en Maceda unhas pintadas nas que se podía leer: "Benigno o pobo non te esquece", cando se cumprían 40 anos do seu asasinato. Fixéras un amigo meu e fíxome reflexionar. Días despois apareceu unha esquela no xornal *La Región*, en tanto que Costa Clavell dedicáballe unha páxina enteira no seu libro "Las dos caras de Galicia bajo el franquismo". Ensineillas a meu avó. Aí principiou a historia. En Benigno Álvarez había todo un mundo por descubrir. De feito, fíxemoslle unha homenaxe e adicóuselle unha das céntricas prazas de Maceda. Eu tamén fixen unha exposición sobre a súa persoa e figura política. Tan só me faltaba un libro que culminase coa recuperación e rehabilitación dun home ao que ninguén lle podía imputar ningún delito. Benigno foi o primeiro líder comunista que houbo en Galicia. Iso non quere dicir absolutamente nada malo.

Qué significaba ser comunista na Galicia dos 30?

Representaba o *pior* da sociedade. Os comunistas eran a negación da humanidade, da relixión, da España da época. Estaban considerados como os *antitodo*. Nun comezo estaban demonizados. Benigno Álvarez pasou do Partido Socialista Radical ao PC en 1931. Foi a primeira gran personalidade do comunismo galego. Intentou que houbera unha organización comunista galega haixa máis de 70 anos.

En qué outros aspectos salientou?

Ao profundizar no seu estudo, perde unha grande parte da lenda que poidamos xerar arredor del. Benigno Álvarez é un ser humano coma calquera outro, que actúa en política coma un home do seu tempo. É un político que pacta con xente que non pensa



Santiago Prol no castelo de Maceda.

Investigar a un republicano e comunista aínda segue a ser tabú"

coma él, que cede en moitos aspectos, en definitiva un home público coma calquera outro. Tamén escribe na prensa. Nos seus artigos, de gran valor literario, fai unha extraordinaria defensa da lingua galega e dos seus paisanos máis humildes.

Como político tiña unha gran personalidade.

Iso é innegábel. A máis é un home querido pola xente. Este feito está avaliado polo grande número de votos que acadou nas eleccións a compromisarios para elixir o novo Presidente da República. Pasa de algo máis de 25.000 sufraxios en febreiro a máis de 85.000 apenas dous meses despois. A partir de aí e cando o Partido Comunista deixa de ser unha forza testemuñal en Galicia. Todo iso grazas a Benigno Álvarez.

Que supuxo a súa morte?

Foi un drama brutal. Loxicamente foi premeditada. O cerebro do golpe militar de 1936, o

xeneral Mola deu a consina de que o inimigo había que aniquilalo con contundencia. Benigno escapa e desaparece cando ten lugar a conspiración contra a República. Entón, os golpistas e os seus partidarios obsesiónanse con el. A súa morte representaba a desaparición dun veneno que había que extirpar. De feito, non se conformaron con asasinalo, mataron a sete membros da familia. Contodo, hoxe quedánnos a filla, netos e tamén biznetos.

Os seus achegados tamén o pasaron moi mal...

A represión de irmáns e familiares foi moi cruel, moito máis do que reflicte o libro. De feito, de ser unha familia burguesa de Maceda nos anos trinta, a que miraba todo o mundo ben, chegan a negarlle até o leite. Unha irmá súa ten que escapar da localidade natal e trasladarse até Ourense, onde queda có fillo de Benigno, Icaro, que ten catro anos. É descuberta e logo o neno aparece morto. Ao parecer por un problema gástrico relacionado coa inanición. A máis, a familia marcha toda de Maceda. A maior parte dela vai para México onde refaí a súa vida. Hai tres anos encontramos á filla que vive en Xixón. A súa muller Enri-

queta Iglesias faleceu en 1996.

Recuperalo, non resultou sinxelo.

A verdade é que non. Cando estudas un persoeiro que foi poeta católico, galeguista e de dereitas non pasa absolutamente nada. Todos son parabéns. Non embargante, se a quen investigas é a un republicano e comunista sigue a ser absolutamente tabú. Hai xente que aínda che di: non te metas nesas cousas. Parece que te estás extralimitando. A máis, o franquismo fixo unha represión implacábel. Asociou o comunismo con todo o malo que había na sociedade e iso deixou unha pegada importante en moita xente. Este libro non vai en contra de ninguén. É unha lembranza en positivo, non unha vinganza.

A máis desta biografía, vostede estudou outros persoeiros de Maceda que tiveron gran repercusión en distintas etapas. Entre eles encóntrase o cardeal Quiroga Palacios...

Precisamente encaro os aspectos que non se queren tocar desde eclesiástico. É un home comprometido nos anos da Guerra Civil. Intenta salvar a vida de moitos represaliados, entre eles Gómez del Valle, aínda que non

o consegue. Ten boa amizade con galeguistas do seu tempo, entre eles Vicente Risco e Otero Pedrayo. Nos anos 30 escribe na revista *Logos*. Faino en galego. É o primeiro que se molla na Igrexa Católica na época franquista. Moito antes que Tarancón, que comeza a facelo en 1975. A Quiroga Palacios reventárono pola dereita os franquistas e pola esquerda os nacionalistas.

Cómo investigador, como se encontra a historiografía galega?

Hai moita xente que traballa en serio. Até hai uns anos non era así e tan só a Editorial de *A Nosa Terra* estaba publicando cousas de interese. Agora na universidade hai historiadores, como Anselmo López Carreira, que publican traballos moi valiosos. Investigar é algo custoso, que cómpre vivir con paixón.

E o estudo de historia no ensino?

Por desgraza nunca lles explican os máis novos o século XX. Tan só aspectos puntuais, entre eles a II Guerra Mundial e pouco máis. Os programas de historia no ensino medio había que revisalos todos. Ao alumnado da ESO non se lles da ningunha noción da historia de Galicia, agás que haxa algún profesor que estea concienciado con estes asuntos. ●